

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 224** *Corrección de erros do Real decreto 970/2014, do 21 de novembro, polo que se modifican o Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas e o Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

Advertidos erros no Real decreto 970/2014, do 21 de novembro, polo que se modifican o Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas e o Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao núm. 283, do 22 de novembro de 2014, procédese a realizar as oportunas rectificacións:

No punto dous do artigo 1, páxina 4, na nova redacción que se dá ao artigo 2.1.f).2.º do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, onde di: «serán directamente adoptadas pola asemblea da sección, e que non poderán ser suspendidas nin modificadas pola dita cooperativa ou sociedade agraria de transformación», debe dicir: «serán directamente adoptadas pola asemblea da sección.»

No punto catro do artigo 1, páxina 6, na nova redacción que se dá ao artigo 5.2.b).2.º.iii do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, onde di: «que sexan persoas xurídicas produtoras», debe dicir: «que sexan persoas xurídicas non produtoras».

Na páxina 17, disposición derradeira terceira, segundo parágrafo, primeira liña, onde di: «Non obstante, aplicaranse desde o 1 de xaneiro de 2015», debe dicir: «Non obstante, aplicaranse desde o 31 de xaneiro de 2015».